

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA A XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DE TAREFAS VINCULADAS AO PROXECTO LIFETEC

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. M^a del Mar Pereira Álvarez, directora da **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)**, actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, D. Miguel Rodríguez Quelle, director xerente de **Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL)**, en nome e representación da mesma e facultado para este acto en virtude da súa condición de Apoderado, segundo consta en escritura outorgada polo Notario de Santiago de Compostela, D. Héctor R. Pardo García, o día 16 de xuño de 2015, co número 1.059 do seu Protocolo, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, e facultado para este acto polo Consello de Administración da sociedade na súa sesión do xx de xullo de 2017.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades en nome das entidades que representan e,

EXPOÑEN

1. Que a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante AMTEGA)** é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en adiante



LOFAXGA), tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A AMTEGA está adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia e conta con personalidade xurídica diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos establecidos pola normativa vixente e ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Os seus estatutos atribúenlle, entre outras competencias e funcións, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta de Galicia en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

II. Que Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL), é unha sociedade mercantil pública autonómica das reguladas no Título III da LOFAXGA. Está adscrita á AMTEGA a través da área de Infraestruturas e Telecomunicacións, e foi creada para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

Creada mediante Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, da consellería de Economía e Facenda, xestiona e explota infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Así, RETEGAL constitúe unha sociedade mercantil pública autonómica, declarada medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia, que ten por obxecto, con carácter xeral, a realización, por si ou a través de terceiros, da xestión e mantemento das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación institucionais en Galicia.

III. Que, en data 31 de xaneiro de 2017, asinouse un convenio de colaboración entre RETEGAL e a dirección xeral de Ordenación e Produción Forestal, a través da subdirección xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (en diante SPDCIF), dependente da consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, co obxecto de establecer o marco de cooperación e colaboración de ambas as partes, no seu interese común por estender a cobertura



poboacional e territorial da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (en adiante, RESGAL), especialmente en parroquias de alta actividade incendiaria PAAI e, en xeral, para establecer medidas e mecanismos de colaboración que permitan facer fronte aos incendios forestais e incrementar a protección das súas respectivas infraestruturas (e dos seus medios técnicos e humanos) situadas en zonas de alto risco de incendio, sen menoscabo da salvagarda das respectivas competencias de cada parte.

IV. Que, dentro do ámbito do convenio exposto no Expoñendo III, RETEGAL e AMTEGA tamén participan no consorcio formado por AMTEGA, Universidade de Vigo (en adiante UVigo), secretaría xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (en adiante SXCAA), RETEGAL e Instituto Portugués do Mar e da Atmósfera, I. P. (en adiante IPMA) presentando o día 12 de setembro de 2016 o proxecto “Fighting Forest Fires Using Electronic Communication Technologies” ante a Comisión Europea a través da súa Axencia “Executive Agency for Small and Medium-sized Enterprises”. O código do proxecto presentado foi “LIFE2016 ENV/ES/000559” e o seu nome “LIFETEC”.

V. A Comisión Europea, con data 29 de maio de 2017 asinou co consorcio formado por AMTEGA, UVigo, SXCAA, RETEGAL e IPMA, o acordo (Grant Agreement), relativo ao proxecto LIFETEC, con data de inicio o día 1 de setembro de 2017 e finalizando o día 30 de setembro de 2020.

VI. Que, os obxectivos fixados para a AMTEGA e RETEGAL no proxecto LIFETEC son os seguintes:

- a. A demostración da viabilidade do uso de radares meteorolóxicos para detectar incendios forestais na súa fase inicial.
- b. A demostración da capacidade de comunicación de datos do sistema de radio dixital TETRA (Trans European Trunked Radio) para posibilitar as comunicacións e coordinar as actuacións dos axentes implicados na extinción dos incendios, sen as limitacións en materia de cobertura, seguridade e dispoñibilidade que teñen as redes comerciais nas zonas rurais.
- c. A dedicación ao proxecto de 244 días (de 8 horas) (199 días AMTEGA e 45 días RETEGAL) que inclúen:





- i. Análise da cobertura da RESGAL e estudo da capacidade da transmisión de datos sobre a mesma (A.1.3).
 - ii. Desenvolvemento dunha ferramenta (actuación B.2.3) para a medición da calidade da rede RESGAL, segundo as especificacións establecidas no documento LIFE2016 ENV/ES/000559.
 - iii. Realización das probas para a comprobación do seu correcto funcionamento dentro da RESGAL (actuación B.2.4).
 - iv. Seguimento e avaliación de resultados dos indicadores con incendios reais (actuación B.3.4).
 - v. Coordinación e xestión do Proxecto (E.1).
- VII. Que, de conformidade co artigo 7 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, as relacións entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico están suxeitas aos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas co fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos. Por tal colaboración e cooperación entenderase o traballo en común dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais ou a unión coordinada das súas accións para a consecución dun obxectivo, a execución dun proxecto ou a consecución dun resultado tamén comúns.
- VIII. Entre os mecanismos para facer efectivos os amentados principios, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, sitúa aos denominados acordos de colaboración ou cooperación entre entidades do sector público autonómico para o desempeño conxunto de tarefas comúns. En particular, o artigo 14 da amentada norma precisa que a colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, sendo compatible coa compensación dos custos reais en que unha das partes incorrese.



- IX. En atención as características do proxecto e á propia experiencia de Retegal, esta entidade conta con un persoal/medios especializados que aconsellan unha maior intervención desta entidade no desenvolvemento das tarefas asignadas á Amtega.
- X. De conformidade co disposto no Formulario de Candidatura aprobado a AMTEGA participará a través de RETEGAL, sendo esta unha sociedade pública mercantil, medio propio instrumental da primeira.

Tendo en conta o anterior, as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre AMTEGA e RETEGAL para a coordinación e desenvolvemento das actuacións do LIFE Agreement asinado por todas as partes.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES.

COMPROMISOS COMÚNS A TODAS AS PARTES:

Con carácter xeral, as partes obríganse a cumprir cantas disposicións comunitarias e nacionais lles resulten aplicables derivadas da natureza LIFE dos fondos que cofinancian as actuacións previstas neste convenio, así como a permitir e facilitar as auditorías e comprobacións necesarias para verificar o cumprimento da normativa aplicable.

Dentro das obrigas derivadas da cofinanciación con fondos LIFE, as partes, en especial, asumen as seguintes:

- As partes comprométense a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen pola AMTEGA. Igualmente aceptan someterse aos controis que legalmente procedan a cargo á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Consello de



Contas, do Tribunal de Contas e demais órganos nacionais ou comunitarios que teñan encomendada a fiscalización e control das axudas cofinanciadas polo LIFE.

- Ademais, as partes levarán un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás operacións relacionadas coas actuacións do convenio e que son financiadas con fondos LIFE.

- Publicidade LIFE

No desenvolvemento das actuacións deberá garantirse o pleno cumprimento das obrigas establecidas na Estratexia de información e publicidade do programa de LIFE, en concreto:

- RETEGAL deberá incluír nun lugar visible do sitio web profesional, unha breve descrición da operación cando poda establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión.
- RETEGAL deberá colocar, cando menos, un CARTEL ou unha PLACA, con información sobre o proxecto, na que se destacará a axuda financeira da Unión, nun lugar visible e nas condicións e cos requisitos especificados.

COMPROMISOS DA AMTEGA

A AMTEGA asume como obrigas as seguintes:

- Transferir as partidas orzamentarias recibidas do LIFE, en concreto 83.997,00 euros, importe máximo elixible cofinanciable no proxecto LIFE asignado á AMTEGA, conforme ás actuacións efectivamente executadas por RETEGAL, previa xustificación e acreditación destas, correspondendo a cofinanciación nacional a RETEGAL, na súa condición de medio propio instrumental da AMTEGA e conforme ao disposto no formulario da candidatura, no que se dispón (páx. 6) que AMTEGA participará a través de RETEGAL.

Con carácter xeral, consideraranse actuacións xustificadas aquelas que, de xeito indubidable, respondan á natureza do obxecto do Convenio e se realicen dentro do período de execución do Proxecto LIFE Agreement asinado por todas as partes.



- Realizar todos os controis que recolla a normativa de aplicación ao fondo LIFE en todas as actuacións cofinanciadas por este fondo, se ben, será a coordinadora do consorcio (UVIGO) a que realice todos os controis efectivos e válidos ante a Comisión.
- Coordinar tecnoloxicamente os estudos e investigacións de tal forma que permita a consecución dos obxectivos marcados.
- Definir os criterios que deben seguirse na posta en marcha deste proxecto nos aspectos relativos a seguridade e protección de datos de carácter persoal.

COMPROMISOS DE RETEGAL.

RETEGAL asume como obrigas as seguintes:

- Levar a cabo as actuacións precisas para a consecución dos obxectivos do proxecto LIFETEC asignados a RETEGAL e a AMTEGA:
 - o A demostración da viabilidade do uso de radares meteorolóxicos para detectar incendios forestais na súa fase inicial.
 - o A demostración da capacidade de comunicación de datos do sistema de radio dixital TETRA (Trans European Trunked Radio) para posibilitar as comunicacións e coordinar as actuacións dos axentes implicados na extinción dos incendios, sen as limitacións en materia de cobertura, seguridade e dispoñibilidade que teñen as redes comerciais nas zonas rurais.
 - o A dedicación ao proxecto de 244 días (de 8 horas) (199 días AMTEGA e 45 días RETEGAL) que inclúen:
 - Análise da cobertura da RESGAL e estudo da capacidade da transmisión de datos sobre a mesma (A.1.3).
 - Desenvolvemento dunha ferramenta (actuación B.2.3) para a medición da calidade da rede RESGAL, segundo as especificacións establecidas no documento LIFE2016 ENV/ES/000559.
 - Realización das probas para a comprobación do seu correcto funcionamento dentro da RESGAL (actuación B.2.4).



- Seguimento e avaliación de resultados dos indicadores con incendios reais (actuación B.3.4).
 - Coordinación e xestión do Proxecto (E.1).
 - Xustificación da achega da cofinanciación nacional asignada á AMTEGA (56.753 euros).
- Cumprir os criterios que a AMTEGA, na súa condición de coordinador tecnolóxico do proxecto, poida establecer.

TERCEIRA.- RÉXIME PATRIMONIAL

A titularidade das infraestruturas e redes obxecto do presente convenio é pública, formando parte do patrimonio da Xunta de Galicia, sendo xestionadas polo operador público de telecomunicacións RETEGAL.

As ditas infraestruturas e redes estarán aseguradas polas pólizas que ao efecto teña contratadas a Xunta de Galicia ou, no seu caso, RETEGAL.

CUARTA.- MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

RETEGAL, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios persoais e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, á subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio.

RETEGAL deberá contar, cos medios propios necesarios para poder realizar as actividades previstas neste convenio, podendo realizar as adquisicións e encargar os servizos externos necesarios para lograr os obxectivos establecidos, sempre e cando non conte cos medios precisos para levalos a cabo.

Os contratos que deba celebrar RETEGAL para a realización dos traballos obxecto do presente Convenio quedarán sometidos á LCSP e, en xeral, á normativa en materia de contratación pública,



nos termos que sexan procedentes de acordo coa natureza da entidade que os celebra e ao tipo e contía dos mesmos.

RETEGAL ten a consideración de poder adxudicador, de acordo co establecido no artigo 49 da LOFAXGA.

QUINTA.- FINANCIAMENTO

A AMTEGA traspasará os importes recibidos pola Comisión ao seu medio propio RETEGAL para a execución das actuacións previstas neste convenio coa debida xustificación e acreditación da súa execución, con cargo á partida orzamentaria **04.A1.571A.640.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os seguintes importes e anualidades:

Ano 2018: 25.199,10€

Ano 2019: 33.598,80€

Ano 2020: 25.199,10€

O importe total dos pagamentos a realizar a RETEGAL será igual á suma dos importes dos contratos derivados das actuacións realizadas en execución do presente convenio, así como dos días de traballo xustificadas, estando RETEGAL na obriga de xustificar o 100% do importe executado no momento en que estean rematados os traballos. A data límite de xustificación de cada anualidade será a do 1 de setembro de cada anualidade.

O importe máximo a executar e a súa eventual xustificación por parte de RETEGAL é de **CENTO TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS EUROS** (136.800,00 € - IVE non incluído), do que:

Horas de persoal propio	Servizos externos	Sobrecustes	TOTAL
46.640,00 €	81.560,00 €	8.600,00 €	136.800,00 €



SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para a posta en marcha e o control de actividades que se realicen en aplicación do presente convenio, constituirase unha comisión de seguimento que reunirse, polo menos, unha vez ao ano, así como cando o solicite unha das partes, constituída do seguinte xeito:

Pola AMTEGA:

- A directora da AMTEGA, ou persoa en quen delegue.
- O director da área de Infraestruturas e Telecomunicacións ou persoa que o substitúa.

Por RETEGAL:

- O director xerente de RETEGAL, ou persoa que o substitúa.
- O director técnico de RETEGAL, ou persoa que o substitúa.

Exercerá a presidencia da comisión de seguimento a directora da AMTEGA ou persoa en quen delegue e actuará como secretario da comisión, con voz pero sen voto, un funcionario da AMTEGA cun nivel mínimo de xefe de servizo.

Ademais, corresponderalle á comisión de seguimento a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que deriven do convenio, a proposta de melloras e modificación das actuacións previstas, tras o consentimento das partes e sempre que non supoñan unha alteración substancial do obxecto deste convenio. Calquera modificación que se acorde neste sentido deberá reflectirse por escrito nunha addenda que deberá estar asinada polos seus membros.

SÉPTIMA.- DURACIÓN DO CONVENIO E PRÓRROGA

A duración do presente convenio será ata o día 30 de setembro de 2020, sen prexuízo da súa prórroga expresa ata un máximo de 4 anos dende a data da súa sinatura, formalizada con antelación á finalización do período correspondente.



OITAVA.- EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- Transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- Incumprimento dos compromisos asumidos polas partes.
- Mutuo acordo das partes asinantes.
- Calquera outras causas de resolución previstas no convenio ou en outras leis.

NOVENA.- MODIFICACIÓN

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente addenda.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O desenvolvemento do presente convenio implica o tratamento de datos de carácter persoal por RETEGAL, que será considerado encargado de tratamento, aos efectos do establecido no artigo 28 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPD), no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (en diante LOPD), e nos artigos 21 e 82.1 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro (en diante, RLOPD). En calquera caso, este convenio queda suxeito á regulación nacional e internacional que se atope en vigor en cada momento nesta materia.

- Obxecto do encargo do tratamento:



Mediante as presentes cláusulas habilitase á entidade RETEGAL, encargada de tratamento, para tratar por conta da AMTEGA, responsable do tratamento, os datos de carácter persoal necesarios para a prestación das actuacións comprendidas no ámbito do presente convenio.

O tratamento consistirá en: Recollida / gravación / conservación / consulta / cesión / rexistro / difusión / modificación e destrución dos datos.

- Identificación da información afectada:

Para a execución das prestacións derivadas do cumprimento do obxecto deste convenio, a AMTEGA pon a disposición de RETEGAL a información que se describe a continuación:

Datos dos empregados que participan no proxecto: Nome, apelidos, DNI, xeolocalización do terminal TETRA, conversas nas chamadas, número de teléfono móbil e dirección de correo electrónico.

- Duración:

O presente acordo finalizará co remate do proxecto, planificado para o día 30 de setembro de 2020, sen prexuízo de eventuais prórrogas que se poidan producir. Antes da finalización poderase prorrogar a súa vixencia, unha vez ponderadas todas as circunstancias que concorran no caso, a través da formalización dunha Addenda.

Unha vez finalice o presente contrato, o encargado do tratamento debe suprimir os datos persoais e suprimir calquera copia que estea no seu poder.

- Obrigas do encargado do tratamento:

O encargado do tratamento e todo o seu persoal obrígase a:

- a) Empregar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, solo para a finalidade obxecto deste convenio. En ningún caso poderá empregar os datos para fins propios.
- b) Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.



Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición en materia de protección de datos da Unión ou dos Estados membros, o encargado informará inmediatamente ao responsable.

- c) Levar, por escrito, un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable.
- d) Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade relativas a:
- A pseudoanimitación e o cifrado de datos persoais.
 - A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos do tratamento.
 - A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - O proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.
- e) Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.

O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións do responsable. Neste caso, o responsable identificará, de forma previa e por escrito, a entidade á que se deben comunicar os datos, os datos a comunicar e as medidas de seguridade a aplicar para proceder á comunicación.

Se o encargado debe transferir datos persoais a un terceiro país ou a una organización internacional, en virtude do dereito da Unión ou dos estados membros que lle sexa aplicable, informará ao responsable desa existencia legal de maneira previa, salvo que tal Dereito o prohiba por razón importantes de interese público.

- f) Subcontratación:

Para subcontratar con outras empresas, o encargado debe comunicalo por escrito ao responsable, identificando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto.



O subcontratista, que tamén ten a condición de encargado do tratamento, está obrigado igualmente a cumprir as obrigas establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dite o responsable. Corresponde ao encargado inicial regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade) e cos mesmos requisitos formais que el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable no referente ao cumprimento das obrigacións.

- g) Manter o deber de segredo respecto aos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, incluso despois de que finalice o seu obxecto.
- h) Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informarlles convenientemente.
- i) Manter a disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento da obriga establecida no apartado anterior.
- j) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.
- k) Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de:
 - Acceso, rectificación, supresión ou oposición.
 - Limitación do tratamento.
 - Portabilidade de datos.
 - A non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís).
- l) O encargado do tratamento debe resolver, por conta do responsable, e dentro do prazo establecido, as solicitudes de exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade dos datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, en relación cos datos obxecto do encargo.



m) Dereito de información:

O encargado do tratamento, no momento da recollida dos datos, debe facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van realizar. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese consensuar co responsable antes do inicio da recollida dos datos.

n) Notificación de violacións da seguridade dos datos:

O encargado do tratamento notificará ao responsable do tratamento, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo de 2 días, e a través de correo electrónico, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que dita violación da seguridade constituía un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

Se dispense dela, facilitarase como mínimo a información seguinte:

- Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
- O nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto no que poida obterse máis información.
- Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
- Descrición das medidas adoptadas ou propostas para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.
- Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de maneira gradual sen dilación indebida.

o) Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos, cando cumpra.



- p) Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.
- q) Poñer a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.
- r) Implantar as medidas de seguridade que correspondan segundo o nivel dos datos tratados conforme ao previsto no RLOPD, e de acordo coa avaliación de riscos que se realice segundo o previsto no RXPDP.
- s) En todo caso, deberá implantar mecanismos para:
- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
 - Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
 - Seudonimizar e cifrar os datos persoais, no seu caso.
- t) Designar un delegado de protección de datos e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.
- u) Destino dos datos

Destrúir os datos, unha vez cumprida a prestación. Unha vez destruídos, o encargado debe certificar a súa destrución por escrito e debe entregar o certificado ao responsable do tratamento.

Con todo, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente boqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.

- v) Obrigas do responsable do tratamento:
- Corresponde ao responsable do tratamento:
- Entregar ao encargado os datos.



- Realizar unha avaliación do impacto na protección de datos persoais das operacións de tratamento a realizar polo encargado.
- Realizar as consultas previas que corresponda.
- Velar, de forma previa e durante todo o tratamento, polo cumprimento do RGPD por parte do encargado.
- Supervisar o tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais de RETEGAL que realicen as actividades obxecto deste convenio e a AMTEGA.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas normas de dereito administrativo aplicable, ou no seu defecto polas derivadas de dereito privado. As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e execución do presente convenio e non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da LOFAXGA, para los conflitos de atribucións.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

As partes deste convenio consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e do resto das especificación contidas nel, nos rexistros públicos que proceda, de acordo co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da xunta de Galicia e no portal da transparencia e goberno aberto.





Este convenio de colaboración será obxecto de publicidade na páxina web de cada unha das partes asinantes, con expresión das súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno,, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Neste sentido, as partes asinantes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade esixida.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

A directora da AMTEGA

O director xerente de RETEGAL

M^a del Mar Pereira Álvarez

Miguel Rodríguez Quelle

